

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 10 DE DECEMBRO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de decembro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez e a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 3 de Decembro do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

LICENZAS OBRAS MAIORES.-

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito

que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: RIB/N/41.2/07

A RAMON ALONSO CAMBA, na representación de Promocións Lentille S.L., con domicilio na rúa Beato Sebastian Aparicio nº 1, baixo, Ourense, para levar a cabo as obras de derribo da edificación sita na rúa Ribeiro nº 45 (47) , desta Vila, que se realizarán segundo o proxecto de demolición redactado polo Arquitecto, Don Luis Antonio Chao Gómez, visado con data 06-08-07.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Demolición.

Contía na que se orzan as obras: 4.159,04 euros.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Ribeiro nº 45 (47).

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: D. Luis Antonio Chao Gómez.

Nome ou razón social do promotor: Promocións Lentille S.L..

Prazos: O prazo de inicio das obras é de tres (3) meses e o prazo de remate dun(1) ano, a contar dende o día seguinte o da notificación da presente licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 4.159,40 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalación e obras, por importe de 108,14 euros.

Outras condicións: O Proxecto de Demolición que se presenta está firmado polo arquitecto D. Luis Antonio Chao Gómez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con data de 6 de agosto de 2007.

Previo o inicio das obras de demolición deberá presentar oficios de designación dos técnicos de Dirección de Obras e do Coordinador de seguridade e Saude.

Respecto da seguridade dos usuarios do vial público, durante a execución das obras de demolición, respectaranse escrupulosamente as medidas sinaladas no Proxecto, apartado 3.1. da Memoria, así como aquelas outras que a Policía Local considere necesarias:

“O edificio, ó comezo do derrubo, estará rodeado dunha cerca, reixa ou muro de altura non menor de 2,00 m. As cercas situaranse a unha distancia do edificio non menor de 1,50 m. Cando dificulten o paso, disporanse ó longo do cerramento luces vermellas, a unha distancia non menor de 10 m. e nas esquinas.

Protexeranse os elementos de servizo público que poidan ser afectados polo derrubo, como bocas de rego, tapas e sumidoiros, árbores, farolas, etc.

Nas fachadas que dean á vía pública situaranse proteccións tales como redes, lonas, así como unha pantalla inclinada, ríxida, que recolla os cascotes ou ferramentas que poidan caer. Esta pantalla sobresaíra a unha distancia non menor de 2,00 m...”

Previo o inicio das obras deberá solicitar permiso de ocupación da vía pública ós efectos de informe da Policía Local”.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIÓN URBANÍSTICAS.-

Expte: 13/11/2007/5951-CU/ 370: Vista a solicitude de **Don Manuel Centron González**, con domicilio en San Cristovo, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na estrada do Carballiño nº 56, San Cristovo (Ref. Catastral 13.41.5-06), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 05.12.07, que literalmente di:

“As condicións urbanísticas aplicables son as que constan nos Informes Técnicos de 22 de abril de 2005, 15 de xuño de 2005 e 3 de agosto de 2007.

Non se produciu ningún tipo de modificación do aproveitamento urbanístico de aplicación.

1. As Condicións Urbanísticas aplicables establécense a Ordenanza UMA USOS MIXTOS, GRADO A, Ordenanza 3.2.2, do E.D. Travesía San Cristóbal e concorrentes das NNSSM.

2. Axúntase co presente informe:

2.1 Ordenanza 3.2.2, UM Usos Mixtos , Grado A. E.D.

2.2 Ordenanza 3.1.6.3, Industrial .E.D.

2.3 Ordenanza 2.6 Uso Industrial , NNSSM.

2.4 Ordenanza 2.7 , Uso Comercial , NNSSM. “.

EXPEDICION DE PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR DE AUTOTAXI.-

Visto o escrito de **Don Manuel Carral Arias**, profesional do Autotaxi con licencia municipal nº3, con domicilio na Gandarela nº 4, no que comunica a contratación como traballador asalariado a Don Cesar Beldrón Dos Santos con D.N.I. núm. 44.489.852D e solicita a expedición de Permiso Municipal de conductor a nome dese traballador asalariado, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da contratación como traballador asalariado a Don Cesar Beldrón Dos Santos.

2º.- Expedir Permiso Municipal de Conductor a nome de Don Cesar Beldron Dos Santos.”

ACOMETIDAS DE AUGA.-

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda rectifica-lo quedando o mesmo do seguinte xeito:

“Visto o escrito presentado por **don Emilio González Rodríguez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 6, 1ºJ, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmobile, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-“Da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios, comunicando prórroga do Programa III A España-Portugal, Proxecto Enoturismo/S.P. E 182/03”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONCESIÓN SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS

“ Vistas as bases para a convocatoria de subvencións a entidades deportivas, aprobadas por a Xunta de Goberno Local o día 16 de xullo de 2007 e publicadas no BOP de 02.10.07.

Tendo en conta as solicitudes presentadas pola entidades deportivas e vista a valoración recollida na acta da sesión da Comisión Técnica constituída ao efecto o día 4 de decembro de dous mil sete, así coma a proposta da mesma de conceder subvencios as entidades solicitantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder subvención polo importe sinalado as seguintes entidades deportivas:

Ribeiro F.C, por importe de 889,7 euros.
Asociacion Mizukami, por importe de 590,2 euros.
Agrupacion Deportiva Cultural Ribeiro, por importe de 820,2 euros.
Francelos F.C., por importe de 698,7 euros.

Segundo.- Comunicarlle a ditas entidades que deberá cumprir coas bases para a convocatoria de subvencións a entidades deportivas, especialmente no relativo as obrigas dos beneficiarios e a xustificación do emprego da subvención no prazo de tres meses dende a finalización da actividade, a través da presentación da documentación que nas mesmas bases se sinala.

Terceiro.- Comunicar dito acordo as entidades interesadas co réxime de recursos que proceda.”

APROBACION DE PREZO PUBLICO DO DO SERVICIO DE XANTAR NA CASA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

ANTECEDENTES.-

O Concello de Ribadavia ten promovido expediente de municipalización para a prestación dos servizos de comedor sobre rodas. Este recurso pode ser un contributo á conciliación da vida familiar e laboral.

A lexislación de servizos sociais de Galicia, reflectida na Lei 4/1993, do 14 de abril, incorpora dentro do programa de servizos sociais de atención especializado diversas actuacións entre as que podemos citar a presente.

A Lei de Bases de Réxime Local establece que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

No parágrafo 2º deste precepto, que constitúe o título competencial, sinalase que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias (artigo 25.2.K): "prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, define ós servizos sociais como un servizo público da Comunidade Autónoma de Galicia, inspirado, entre outros, no principio de responsabilidade pública.

A Vicepresidencia para a Igualdad e o Benestar concedeu para o exercicio 2007 unha subvención de 3000 euros para o programa denominado “Xantar na Casa”.

O Concello, con carácter experimental, ten previsto poñer en funcionamento dito programa e no caso que sexa interesante, darlle un carácter definitivo, en cuio caso tramitarse o correspondente Regulamento de Organización e funcionamento do Servizo.

PROPOSTA.-

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o prezo público que regula funcionamento do servizo público municipal de comedor sobre rodas, ou “xantar na casa” e que de seguido transcríbese:

“A contía do Prezo Público que pagarán os/as usuarios/as será o que resulte do seguinte baremo, de conformidade co artigo 44. do RDL 2/2004, Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, que establece que o importe do prezo público deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado. Cando existan razóns sociais ou benéficas, culturais ou de interese público que así o aconselle a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera. A contía do prezo calcularase a partir do custo por menú prestado, dependendo asimesmo, do número de usuarios/as do servizo.; esta cota é revisable anualmente e de forma automática, segundo o índice de prezos ó consumo (IPC), publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Cada beneficiario do Servizo de Xantar na Casa participará economicamente en atención os seus ingresos persoais e de toda a unidade familiar, que dará orixe a unha contía fixa para o custo mensual do servizo.

A taxa pagarase dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, do 1 ó 10 de cada mes o Concello emitirá o correspondente recibo a cada usuario que a súa vez deberá efectuar a domiciliación bancaria do recibo na cantidade que el elixa.

A porcentaxe da achega económica dos usuarios para financiar o Servizo de Xantar na Casa, establécese de acordo cos seus niveis de renda e co número de membros da unidade familiar, clasificando ós beneficiarios en catro apartados:

Situación económica

Unidades de convivencia

Apartado a; Apartado b; Apartado c; Apartado d.

Ata 312,43 € 25%, 25%, 25%, 25%

De 312 € a 565,74€ 40%; 35%; 30%; 25%;

De 565,75€ a 1.131,50€ 60%; 55%; 50%; 45%;

De 1.131,51€ a 1.607,27; 80%; 75%; 70%; 65%;

Mais de 1.607,28€ 100%; 100%; 100%; 100%;

CALCULO REALIZADO SOBRE PREZO POR MENÚ DE 7,42€

SITUACIÓN ECONÓMICA	UNIDADES DE CONVIVENCIA
--------------------------------	--------------------------------

ECONÓMICA	Apartado a (Prezo por menú*)	Apartado b (Prezo por menú*)	Apartado c (Prezo por menú*)	Apartado d (Prezo por menú*)
Até 312,42 €	30% 2,23€*	30% 2,23€*	30% 2,23€*	30% 2,23€*
De 312,43 € A 565,74 €	40% 2,97€*	35 % 2,60€*	30 % 2,23€*	25 % 1,85€*
De 565,75 € A 1.131,50 €	60 % 4,45€*	55 % 4,08€*	50 % 3,71€*	45 % 3,33€*
De 1.131,51 € A 1.607,27 €	80 % 5,93€*	75 % 5,56€*	70 % 5,19€*	65 % 4,82*
Máis de 1.607,28 €	100 % 7,42€*	100 % 7,42€*	100% 7,42€*	100 % 7,42€*

Apartado a – Viven solos.

Apartado b – Viven dúas persoas. Prezo por menú/usuario-a.

Apartado c – Viven tres persoas. Prezo por menú/usuario-a.

Apartado d – Viven catro ou máis persoas. Prezo por menú/usuario-a.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

- ECOPLANIN S.L. Servizo de 54 horas de Obradoiros para escolares de Ribadavia, por cinco dinamizadores, (incluíndo os materiais necesarios, os desprazamentos e a xestión das actuacións), segundo factura número 115, por importe de 6076 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

XERACIÓN DE CRÉDITOS N°9/07.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº9 /07, por importe de 4253 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.